

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0175, do 27 de marzo de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de monitor deportivo, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades.

O 8 de abril de 2025, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 67 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sétimo das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA	MELLORA DE DOCUMENTACIÓN
1	COSTA MACIAS IÑIGO	**3246***	CELGA 4	Pendente de acreditar a categoría profesional no contrato de traballo que achega coa empresa privada
2	GIRALDEZ BERMUDEZ SARA	**4589***	NON	
3	GÜIMIL CABEZAS JUAN	**4653***	NON	
4	MARSILLAS RIVEIRO SANDRA	**4125***	CELGA 4	
5	MENDEZ TRONCOSO CECILIA	**4888***	CELGA 4	
6	PERDIZ ALVAREZ MIGUEL	**6629***	CELGA 4	
7	TABOADA GARCIA JAVIER	**8082***	CELGA 4	

- EXCLUÍDOS/AS: Ninguén.

SEGUNDO.- Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os/as interesados/as poderán presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>]

TERCEIRO.- Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data da reunión e a composición do Tribunal, publicándose estes



anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión esta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Contra a exclusión na lista definitiva de admitidos e as recusacións dos membros do órgano de selección poderanse presentar reclamacións, e emendar erros ou omisións, no prazo de dous días (2) hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa Dona Marta Giraldez Barral, en Meis, á data da asinatura dixital; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

